

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE INSTRUMENTO III (JAZZ - GUITARRA)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/ 2015, DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO ACADÉMICO 2022/23

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN							
DISCIPLINA: INSTRUMENTO III (JAZZ - GUITARRA)							
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO	JAZZ	
CARÁCTER	OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	JAZZ				XEFE/A DE DPTO.	ROBERTO SOMOZA FACHADO	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	MARCELINO GALÁN PÉREZ	
CUADRIMESTRES		III			Horas de clase semanais	1,5 H	
ECTS/CUAD.		8			Observacións	-----	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	
	MARCELINO GALÁN PÉREZ				marcelinogalan@edu.xunta.es www.marcelinogalan.com	Mércores de 19:00h a 20:00 h Aula 0.02	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS (*)	
DESCRIPTOR	<p>Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación, da improvisación, da transposición e da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e con madurez creativa. Adquisición de hábitos e técnicas de estudo e valoración crítica do traballo propio. Interpretación en público como solista ou xunto con outros/as intérpretes.</p> <p>Práctica da técnica, dos recursos, do repertorio evolutivo e estilístico do instrumento, así como o coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Para cursar o primeiro cuatrimestre ter superado a proba de acceso e para os restantes ter superado o cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A disciplina de instrumento garda concordancia coas disciplinas de Conxunto, Teoría e practica da improvisación, Orquestra, Composición e arranxos e Análise e Harmonía.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS	X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10
(*) Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro anexo III	

3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS (*)
<p>Asimilar e incorporar á linguaxe propia os recursos e técnicas de expresión, modulación do son e da pulsación propios do instrumento, adquirindo o coñecemento dun repertorio aplicado, e dispoñer dos recursos estilísticos, técnicos e de linguaxe necesarios para comunicarse e enfrontar con éxito as múltiples situacións profesionais e de interacción musical colectiva.</p>	<p>T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25 EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10</p>
<p>Coñecer e aplicar progresivamente ferramentas instrumentais para o desenvolvemento da interpretación, a improvisación e a composición, e desenvolver as aplicacións prácticas no instrumento dos conceptos e recursos harmónicos, melódicos e rítmicos propostos.</p>	<p>T1, T2, T3, T8, T13 X1, X2, X3, X6, X11, X13 EI1, EI4, EI7</p>
<p>Aprender a utilizar por si mesmo os coñecementos musicais e os recursos instrumentais para afrontar cuestións relativas a interpretación, a improvisación e á composición.</p>	<p>T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X6, X8, X13, X24, X25 EI2, EI4, EI5, EI6</p>
<p>Desenvolver criterios estéticos propios, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.</p>	<p>T2, T3, T6, T8, T13, T15 X2, X8, X10, X21, X24, X25 EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10</p>
<p>Fomentar, mediante a comprensión e dominio dos diferentes materiais a procura dunha voz propia e un espírito creativo, baseado no coñecemento e a experiencia, a valoración e a corrección, o auto aprendizaxe, e o afán investigador e de superación.</p>	<p>T3, T8, T13, T15 X2, X6, X8, X21, X25 EI2, EI4, EI5, EI10</p>
<p>Adquirir unha formación práctica, teórica e metodolóxica que permita o perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas, para abordar interpretación do repertorio máis representativo da guitarra de jazz.</p>	<p>T1, T2, T3, T8, T13 X1, X2, X3, X6, X8, X9, X11, X13, X25 EI1, EI2, EI4, EI7</p>

(*) Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro anexo III

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Jazz - guitarra III		4.1.III CONTIDOS		
	TEMAS	DESCRITOR DE TEMAS	POND.	SESIÓNS
PARTE A (60%)	Tema 1.III <i>Recursos Técnicos</i>	É o tema máis transversal, desenvolvido tódalas as sesións e evaluable en todos os recursos. Abrangue dende mecanismos dixitais e técnicos propios do instrumento a ferramentas para a aplicación dos diferentes recursos, desenvolvendo, dende o sentido rítmico, auditivo e a articulación, ata a comprensión e interiorización do repertorio.	TODAS	
	Tema 2.III <i>Recursos Melódicos</i>	Neste tema tratarase todo o referido á liña melódica; sistemas harmónicos, escalas, intervalos, arpejos e todo tipo de estruturas melódicas e recursos ornamentais, e os seus usos e aplicacións na improvisación e na composición.	25 %	4
	Tema 3.III <i>Recursos Harmónicos</i>	Fortemente ligado ó Tema 2.III , este tema centrase no estudo das estruturas harmónicas segundo o seu número de partes, construción e disposición. Desenvolverase a condución das voces e a harmonización diatónica de cara á súa aplicación na composición e na improvisación.	25 %	4
PARTE B (40%)	Tema 4.III <i>Tarefas</i>	Tarefa R.III: Aprendizaxe e interpretación de seis temas (do R.III-1 ao R.III-6) seleccionados do cadro de Repertorio III mediante a interiorización (fundamentada no audio) da melodía e da harmonía de composicións estándares do jazz.	20 %	4
		Tarefa C.III: Interpretación de dous estudos de acompañamento (C.III-1 e C.III-2).	12,5 %	1,5
		Tarefa L.III: Estudos de lectura e articulación (do L.III-1 ao L.III-6) baseados na interpretación das seis melodías ou <i>Heads</i> propostos.	10 %	1,5
		Tarefa S.III: Interpretación, transcripción e síntese de dous solos (S.III-1 e S.III-2) seleccionados de versións en audio do cadro de Repertorio III ou da Tarefa L.III .	7,5 %	1
TOTAL			100 %	16
<p>* A avaliación e secuenciación dos contidos do Tema 1.III desenvolverase coa súa aplicación gradual nos Temas 2.III, 3.III e 4.III.</p> <p>* A avaliación da aplicación dos contidos do Tema 1.III na Tarefa R.III efectuarase na sesión de entrega da Tarefa R.III.</p> <p>* A avaliación da aplicación dos contidos do Tema 2.III e do Tema 3.III na Tarefa R.III efectuarase na sesión seguinte á de entrega do tema seleccionado da Tarefa R.III.</p> <p>* A secuenciación dos Temas 1.III, 2.III e 3.III realizarase segundo o exposto no apartado de temporalización 4.2.III para a Parte A. Para a súa avaliación, ademais do seguimento semanal, realizarase unha proba práctica (exame) na derradeira sesión.</p> <p>* A avaliación dos contidos do Tema 4.III realizarase segundo o exposto no apartado de temporalización 4.2.III para a Parte B. Será necesario presentar —alomenos— o 50% dos contidos de cada Tarefa R, C, L e S para superar con éxito a Parte B.</p> <p>* Os alumnos que, mantendo a avaliación continua, non entreguen determinadas tarefas nas datas establecidas, terán a opción de facelo nas sesións de repaso (o número de tarefas pendentes a entregar non poderá ser superior a duas por sesión de repaso).</p> <p>* Se a data de unha sesión coincide con festivo ou non se desenvolve por causa xustificada, a entrega das Tarefas da sesión non desenvolta poderase efectuar no apartado destinado a entrega de tarefas da Aula Virtual de Jazz - guitarra III.</p> <p>* Deberanse aprobar a Parte A e a Parte B independentemente para a superación con éxito da disciplina de Jazz - guitarra III.</p>				

	TEMAS	CONTIDOS Jazz-guitarra III ⁽¹⁾	Puntuación máxima	Puntuación Ponderada
PARTE A (60%)	Tema 1.III <i>Recursos Técnicos</i>	* Aplicación práctica dos contidos do Tema 1.III sobre os Temas 2.III, 3.III e 4.III . * A aplicación dos contidos do Tema 1.III na Tarefa R.III desenvolverase na sesión de entrega da Tarefa R.III .	O Tema 1.III valorarase en base á súa aplicación nos contidos dos Temas 2.III, 3.III e 4.III .	
	Tema 2.III <i>Recursos Melódicos</i>	* Aplicación práctica dos contidos do Tema 2.III na Tarefa R.III . * A aplicación dos contidos do Tema 2.III na Tarefa R.III desenvolverase na sesión seguinte á de entrega do tema seleccionado da Tarefa R.III .	5	3
	Tema 3.III <i>Recursos Harmónicos</i>	* Aplicación práctica dos contidos do Tema 3.III na Tarefa R.III . * A aplicación dos contidos do Tema 3.III na Tarefa R.III desenvolverase na sesión seguinte á de entrega do tema seleccionado da Tarefa R.III .	5	3
PARTE B (40%)	Tema 4.III <i>Tarefas</i>	Tarefa R.III: Repertorio	4	1,6
		Tarefa C.III: Comping	2	0,8
		Tarefa L.III: Lectura e Articulación	2	0,8
		Tarefa S.III: Solos	2	0,8
TOTAL			10	

- Os epígrafes e descrición dos contidos das **partes A e B**, será accesible dende o curso **Jazz - guitarra III** habilitado na **Aula Virtual** do Centro para o alumnado matriculado na materia de **Jazz-guitarra III** no curso académico 2022/23.
- Deberanse aprobar a **Parte A** e a **Parte B** independentemente para a superación con éxito da disciplina de **Jazz - guitarra III**.
- Os ítems das tarefas do **Tema 4.III** (**Tarefa R.III, C.III, L.III, S.III** e Cadro de **Repertorio III**) estarán dispoñibles no curso **Jazz - guitarra III** —habilitado na **Aula Virtual** do Centro para o alumnado matriculado— dende o comezo ata o fin do cuadrimestre, xunto cos apuntes, arquivos e referencias necesarios para o desenvolvemento do temario da materia de **Jazz-guitarra III**.
- A suma total das puntuacións das actividades de determinadas **Tarefas** sobrepasa a puntuación máxima establecida para que o alumnado que o considere poida selecciónalas segundo as súas preferencias ata acadar un máximo de 10 puntos (4 puntos ponderados).

Jazz - guitarra III				4.2.III TEMPORALIZACIÓN ⁽¹⁾			
Parte A (60% da cualificación final)							
Tema 1.III <i>Recursos Técnicos</i>		Tema 2.III <i>Recursos Melódicos</i>		Tema 3.III <i>Recursos Harmónicos</i>		Tema 1.III <i>Recursos Técnicos</i>	
<ol style="list-style-type: none"> Unha secuenciación detallada dos contidos da parte A —especificando os contidos a desenvolver en cada sesión do cuadrimestre e o traballo semanal relativo ós mesmos— será accesible dende o curso Jazz - guitarra III, que estará habilitado na Aula Virtual do Centro para o alumnado matriculado na materia de Jazz-guitarra III no curso académico 2022/23. O comezo do cuadrimestre estarán dispoñibles no curso Jazz - guitarra III —habilitado na Aula Virtual do Centro para o alumnado matriculado— os apuntes, arquivos e referencias necesarios para o desenvolvemento do temario da materia de Jazz-guitarra III. A temporalización dos contidos do Tema 1.III desenvolverase paulatinamente en tódalas sesións mediante a súa aplicación na aprendizaxe dos contidos dos Temas 2.III, 3.III e 4.III. 							
Parte B (40% da cualificación final)							
Tema 4.III <i>Tarefas</i>							
Tarefa R.III <i>Repertorio</i>		Tarefa C.III <i>Comping</i>		Tarefa L.III <i>Lectura e Articulación</i>		Tarefa S.III <i>Solos</i>	
<ol style="list-style-type: none"> Unha secuenciación detallada das tarefas da parte B —especificando a sesión introductoria da tarefa e á sesión da súa entrega— será accesible dende o curso Jazz - guitarra III, habilitado na Aula Virtual do Centro para o alumnado matriculado na materia de Jazz-guitarra III durante curso académico 2022/23. 							

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE CUADRIMESTRAL
Jazz – Guitarra III

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
ACTIVIDADES INTRODUCTORIAS: Planificación inicial, explicación e orientación de cara ó Tema, Contido, Recurso ou Tarefa do cuadrimestre.	1,5		1,5
CLASES PRÁCTICAS: Revisión dos aspectos técnicos, formais, estilísticos ou artísticos no traballo realizado polo alumno/a na Parte A e na Parte B da materia entre sesión e sesión. Axudarase ó alumno/a a relacionar os novos contidos cos xa tratados e correxir os posibles erros ou resolver as dúbidas na aprendizaxe.	11,5		11,5
EXPOSICIÓN PRÁCTICO-TEÓRICA: Na que se amosan en tempo real os novos contidos e se expón o traballo a desenvolver na practica individual até a seguinte sesión.	9,5		9,5
TUTORÍAS: consulta de dúbidas e orientación para enforntar a materia do cuadrimestre.		2	2
TRABALLO PERSOAL: O alumno/a desenvolve os contidos da Parte A e da Parte B da materia mediante o traballo marcado, interpretando, analizando, transcribindo e asimilando o material de forma eficiente e motivadora. Pescuda de información, análise, dixitación ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, acompañamento, investigación, carácter e demais recursos musicais en base ó repertorio e ás tarefas propostas, á súa análise e ás fontes documentais seleccionadas. Afondamento no traballo realizado e aplicación dos recursos pertinentes.		214	214
EXAME : 1) Convocatoria Ordinaria: Avaliación Ordinaria con avaliación continua (*): Proba práctica en torno ós contidos da Parte A (Tema 1.III, 2.III e 3.III) dos que o alumno/a non demostrase o dominio e asimilación suficiente nen mediante a súa aplicación nas tarefas da Parte B (Tema 4.III) nen durante o seguimento semanal. O alumno/a deberá amosar en tempo real a asimilación dos contidos dos Recursos Técnicos, Melódicos ou Harmónicos , desenvolvendo os exercicios propostos para o exame no tempo establecido para cada un e cun tempo de metrónomo axeitado para a execución dos mesmos. O número máximo de preguntas (exercicios prácticos) será de dez , e a valoración de cada exercicio será proporcional á súa complexidade. Esta proba desenvolverase na última sesión do cuadrimestre. (*) Consultar o apartado 6.1.1 (p.6). 2) Avaliación Ordinaria (adianto de convocatoria), Avaliación Alternativa (perda de avaliación continua) e Convocatoria Extraordinaria (**): Proba práctica en torno ós contidos da Parte A (Tema 1.III, 2.III e 3.III) . O alumno/a deberá amosar en tempo real a asimilación dos contidos dos Recursos Técnicos, Melódicos ou Harmónicos , desenvolvendo os exercicios propostos para o exame no tempo establecido para cada un e cun tempo de metrónomo axeitado para a execución dos mesmos. O número máximo de preguntas (exercicios prácticos) será de dez , e a valoración de cada exercicio será proporcional á súa complexidade. Esta proba desenvolverase nas datas fixadas no calendario escolar vixente e no horario que estableza o equipo directivo do centro.. (**) Consultar os apartados 6.1.2, 6.1.3 e 6.2 (p.7).	1,5		1,5
TOTAL HORAS POR CUADRIMESTRE:			240

6. AVALIACIÓN

6.1 CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)

Jazz - Guitarra III

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Amosar dominio da mecánica e a técnica aplicada do instrumento para a procura dunha voz creativa propia. - Amosar dominio, flexibilidade, capacidade de reacción e de integración nos traballos de interpretación, transcripción, improvisación, composición ou lectura e articulación propostos. - Amosar axilidade a hora de aplicar recursos sobre o material temático proposto. - Executar corretamente e con soltura as actividades e/ou exercicios propostos para desenvolver os contidos dos Temas 1.III, 2.III, 3.III e 4.III da materia de Jazz-guitarra III. - Amosar a capacidade de traballar de forma autónoma organizando o traballo individual de forma eficiente. - Desenvolver con soltura a aplicación dos contidos do cuadrimestre sobre pezas de diferente dificultade, de épocas e estilos diferentes. - Amosar a capacidade de xestionar adecuadamente a información recibida, analizala e sintetizala. 	<p>T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15</p> <p>X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25</p> <p>EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10</p>	<p>Seguimento semanal: Observación da madurez na aprendizaxe dos contidos dos Temas 1, 2 e 3 reflexados no apartado 4.1 CONTIDOS do cuadrimestre. Valoraranse as destrezas alcanzadas, o nivel de comprensión, interiorización e perfección, a musicalidade, a produción creativa e o afán de superación.</p> <p>Exame: Todos os alumnos realizarán na derradeira sesión do cuadrimestre unha proba práctica na que amosar o seu dominio dos recursos traballados nos Temas 1, 2 e 3 (Parte A). O alumnado que non obteña cualificación de 5 ou superior (3 ponderada) na proba práctica da Parte A, aínda que teña aprobada a Parte B, non superará con éxito o cuadrimestre, e realizará o exame na convocatoria extraordinaria segundo o establecido no apartado 6.2.</p>	60 %
		<p>Tema 4 - Tarefas Propostas: Seguimento secuenciado do traballo autónomo e estudo individual do alumno. A descrición e relación das tarefas aparece reflexada no apartado 4.1 CONTIDOS do cuadrimestre. A entrega das tarefas propostas desenvolverase segundo o reflexado no apartado 4.2 TEMPORALIZACIÓN. De non ser entregada en prazo ou obter un resultado negativo, previa recomendación do profesor, o alumno poderá desenvolver dita tarefa nas sesións repaso. O alumnado que non obteña cualificación de 5 ou superior (2 ponderada) na Parte B nos prazos establecidos para a entrega das tarefas, realizará a proba ou exame segundo ó establecido no apartado 6.1.3 de avaliación alternativa.</p>	40 %

- * Deberase acadar unha cualificación de 5 ou superior en cada un dos apartados da materia (**Parte A e a Parte B**), para a superación con éxito de calquera cuadrimestre da disciplina de Jazz - guitarra.
- * A cualificación final será o resultado da suma de ambas partes: **A** (nota obtida do 1 ó 10 x 0,6) máis **B** (nota obtida do 1 ó 10 x 0,4).

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13, apartado 6)

0 - 4,9: Suspenso

5 - 6,9: Aprobado

7 - 8,9: Notable

9 - 10: Sobresaliente

A mención de "Matriculación de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9. O seu número non poderá exceder unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matriculación de honra.

6.1.2 AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA)
6.1.3 AVALIACIÓN ALTERNATIVA (* PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA)
6.2 CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
Jazz - guitarra III

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Amosar dominio da mecánica e a técnica aplicada do instrumento para a procura dunha voz creativa propia. - Amosar dominio, flexibilidade, capacidade de reacción e de integración nos traballos de interpretación, transcripción, improvisación, composición ou lectura e articulación propostos. - Amosar axilidade a hora de aplicar recursos sobre o material temático proposto. - Executar corretamente e con soltura as actividades e/ou exercicios propostos para desenvolver os contidos dos Temas 1.III, 2.III, 3.III e 4.III da materia de Jazz-guitarra III. - Amosar a capacidade de traballar de forma autónoma organizando o traballo individual de forma eficiente. - Desenvolver con soltura a aplicación dos contidos do cuadrimestre sobre pezas de diferente dificultade, de épocas e estilos diferentes. - Amosar a capacidade de xestionar adecuadamente a información recibida, analizala e sintetizala. 	<p>T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15</p> <p>X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25</p> <p>EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7, EI10</p>	<p>EXAME</p> <p>Parte A - Temas 1.III, 2.III e 3.III</p> <p>Proba práctica na que, mediante exercicios propostos, deberase amosar o dominio dos recursos traballados nos Temas 1.III, 2.III e 3.III, reflexados no apartado 4.2.III.</p> <p>- O alumnado que prevea solicitar adianto de convocatoria, haberá de requirir ó profesor (preferentemente mediante matriculación no curso Jazz - guitarra III habilitado na Aula Virtual do Centro) acceso ós materiais, arquivos, apuntes e referencias necesarias para o desenvolvemento na proba dos Temas 1.III 2.III e 3.III da materia de Jazz-guitarra III.</p> <p>Parte B - Tema 4.III</p> <p>* Tarefa R.III: Prepararanse seis temas. Os temas a presentar serán sempre os primeiros de cada fila do cadro de Repertorio III (do R.III-1 ó R.III-6), para ser desenvolvidos segundo o exposto no punto 4.1.III, Tema 4.III, no descriptor de temas da Tarefa R.III.</p> <p>* Tarefa C.III: Prepararanse as tarefas C.III-1 e C.III-2 para ser desenvolvidas segundo o exposto no punto 4.1.III, Tema 4.III, no descriptor de temas da Tarefa C.III.</p> <p>* Tarefa L.III: Prepararanse, as tarefas L.III-1, L.III-2, L.III-3, L.III-4, L.III-5 e L.III-6 segundo o exposto no punto 4.1.III, Tema 4.III, no descriptor de temas da Tarefa L.III.</p> <p>* Tarefa S.III: Prepararanse as tarefas S.III-1 sobre o solo de C.Parker na versión proposta para o L.III-2, e S.III-2 sobre o solo de C.Parker na versión proposta para o L.III-4 segundo o exposto no punto 4.1.III, Tema 4.III, no descriptor de temas da Tarefa S.III.</p> <p>- O alumnado que prevea solicitar adianto de convocatoria, haberá de requirir ó profesor (preferentemente mediante matriculación no curso Jazz - guitarra III habilitado na Aula Virtual do Centro) acceso ós materiais, arquivos, apuntes e referencias necesarias para o desenvolvemento na proba do Tema 4.III da materia de Jazz-guitarra III.</p>	<p>100 %</p>

* (6.1.3) Consultar o protocolo relativo á perda de avaliación continua para o curso 2022/23.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13, apartado 6)

0 - 4,9: Suspenso

5 - 6,9: Aprobado

7 - 8,9: Notable

9 - 10: Sobresaliente

A mención de "Matriculación de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9. O seu número non poderá exceder unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matriculación de honra.



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

8.1 Material de clase

*Selección de arquivos , apuntes, documentos e referencias aportados polo profesor.

8.2 Bibliografía recomendada

- Baker, D. (1979). *Improvisational patterns. The Bebop Era: Volume I*. Charles Colin.
- Baker, D. (1983). *Jazz improvisation*. Frangipani Press.
- Baker, D. (1985). *Arranging and composing for the small ensemble*. Frangipani Press.
- Bergonzy, J. (1992). *Inside Improvisation Series, Vol.1. Melodic Structures*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bergonzy, J. (1994). *Inside Improvisation Series, Vol.2. Pentatonics*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bergonzy, J. (1996). *Inside Improvisation Series, Vol.3. Jazz Line*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bergonzy, J. (1998). *Inside Improvisation Series, Vol.4. Melodic Rhythms*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bergonzy, J. (2000). *Inside Improvisation Series, Vol.5. Thesaurus of Intervallic Melodies*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bergonzy, J. (2003). *Inside Improvisation Series, Vol.6. Developing a Jazz Language*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Bogdanovic, D. (1996). *Counterpoint for Guitar*. Ancona, IT: Bérbén.
- Calés, F. (1997). *Tratado de Contrapunto I*. Música Didáctica.
- Calés, F. (2000). *Tratado de Contrapunto II*. Música Didáctica.
- Cochrane, R. (2012). *Beyond Slonimsky. Melodic Patterns for Guitar Resources*. Big Nose.
- Conti, R. (2001). *Source Code. Book Four. The Formula! For the Harmonic Protocol*. Las Vegas, NV: Pinnacle Publishing.

- Coker, J. (1998). *A Guide To Jazz Composition & Arranging*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Crook, H. (1995). *How to Comp*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Damian, J. (2001). *The Guitarist's Guide to Composing and Improvising*. Boston, MA: Berklee Press.
- Damian, J. (2007). *The Chord Factory*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Damian, J. (2015). *Fresh Music*. Boston, MA: Yo! Publications.
- Diorio, J. (1997). *Giant Steps*. Warner Bros. Publications.
- Donelian, A. (1992). *Training the Ear. For the Improvising Musician*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Faria, N. (1995). *The Brazilian Guitar Book*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Felts, R. (2002). *Reharmonization Techniques*. Boston, MA: Berklee Press.
- Forte, A. (1973). *The structure of atonal music* (Vol. 304). Yale University Press.
- Galbraith, B. (1986). *Guitar Comping*. New Albany, IN: Jamey Aebersold.
- Galbraith, B. (s.f.). *42 Chord Melody Arrangements for Solo Guitar*. n/a.
- Goodrick, M. (1987). *The Advancing Guitarist*. Milwaukee, WI: Hal Leonard.
- Goodrick, M. & Miller, T. (2012). *Creative Chordal Harmony for Guitar*. Boston, MA: Berklee Press.
- Goodrick, M. (2008). *Factorial Rhythm*. Boston, MA: Liquid Harmony Publications.
- Goodrick, M. (2007). *Almanac of Guitar Voice-Leading Vol.1*. Boston, MA: Liquid Harmony Publications.
- Goodrick, M. (2007). *Almanac of Guitar Voice-Leading Vol.2*. Boston, MA: Liquid Harmony Publications.
- Goodrick, M. (2008). *Almanac of Guitar Voice-Leading Vol.3*. Boston, MA: Liquid Harmony Publications.
- Gold, R S. (1957). *A Jazz Lexicon*. New York, NY: Alfred A.Knopf.
- Greene, T. (1976) *Modern Chord Progressions*. Melville, NY: Dale Zenek Pub.
- Greene, T. (1978). *Single Note Soloing Vol.1 & 2*. Melville, NY: Dale Zenek Pub.
- Greene, T.. (1981). *Chord Chemistry*. Melville, NY: Dale Zenek Pub.
- Hall, J. (1991) *Exploring Jazz Guitar*. Milwaukee, WI: Hal Leonard Corporation.
- Harris, B. (1998). *The Barry Harris workshop*. Bop City.
- Kernfeld, B. (2001). *The New Grove Dictionary of Jazz*. Oxford, UK: Oxford University Press.
- Laverne, A. (1991). *Handbook of Chord Substitutions*. Sant Bedford Hill, NY: Ekay Music.
- Leavitt, W. (1969). *Melodic Rhythms for Guitar*. Boston, MA: Berklee Press.
- Leavitt, W. (2000) *A Modern Method for Guitar*. Boston, MA: Berklee Press.
- Levine, M. (2006). *The Drop 2 Book*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Levine, M. (1995). *The Jazz Theory Book*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Liebman, D. (1991). *A chromatic approach to jazz harmony and melody*. Advance Music.
- Lipsius, F. (1997). *Reading Key Jazz Rhythms*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Magadini, P. (1993). *Polyrhythms. The musician's guide*. Milwaukee, WI: Hal Leonard.
- Miller, R. (1996). *Modal Jazz Composition & Harmony.Volumen 1 & 2*. Rottenburg: Advance Music.
- Mixon, D. (2016). *Performance Ear Trainig*. Advance Music.
- Mulholland, J. & Hojnacki, T. (2013). *The Berklee Book of Jazz Harmony*. Boston, MA: Berklee Press.
- Metheny, P. (2011). *Guitar Etudes. Warmup Exercices for Guitar*. Hal Leonard.



- Naus, W. (1998). *Beyond Functional Harmony*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Nettles, B. (1998). *Harmony 1 Workbook*. Boston, MA: Berklee College of Music.
- Nettles, B. (1998). *Harmony 2 Workbook*. Boston, MA: Berklee College of Music.
- Nettles, B. (2007). *Harmony 3*. Boston, MA: Berklee College of Music.
- Nettles, B. & Graf, R. (1997). *The Chord Scale Theory & Jazz Harmony*. Rottenburg, DE: Advance Music.
- Pease, T. (2003). *Jazz Composition: Theory & Practice*. Boston, MA: Berklee Press.
- Perle, G. (1962/1999). *Composición serial y atonalidad*. (P. Silles, Trad.). Idea Books.
- Perle, G. (1977). *Twelve-tone tonality*. University of California Press
- Rahn, J (1980). *Basic atonal theory*. Schirmer Books.
- Randel, Don M. (1986). *The New Harvard Dictionary of Music*. Cambridge, MA: Belknap PressHarvard University Press.
- Ricker, R. (1976). *Pentatonic Scales for Jazz Improvisation*. Van Nuys: Alfred Music.
- Rochinski, S. (2001). *Harmony 4*. Boston, MA: Berklee College of Music.
- Rosenwinkel, K. (2006). *Kurt Rosenwinkel Compositions*. Mel Bay.
- Ruso, W. (1983). *Composing Music. A New Approach*. The University of Chicago Press.
- Schillinger, J. (1940). *Kaleidophone: New Resources of Melody and Harmony: Pitch Scales in Relation to Chord Structures*. New York: M. Witmark & Sons.
- Schillinger, J. (1941). *The Schillinger System of Musical Composition. Volume I & II. Books I-XII*. New York: Carl Fischer.
- Schillinger, J. (1948). *The mathematical basis of the arts*. Philosophical Library.
- Schuijjer, M. (2008). *Analyzing atonal music. Pitch-class set theory and its contexts*. University of Rochester Press
- Slonimsky, N. (1975). *Thesaurus of Scales and Melodic Patterns*. New York: Schirmer Books.
- Straus, J.N. (1990). *Introduction to post-tonal theory*. Pearson.
- Terefenko, D. (2014). *Jazz theory: From basic to advanced*. Routledge.
- Tymoczko, D. (2011). *A geometry of music*. Oxford University Press.
- Van Eps, G. (1980). *Harmonic Mechanisms for Guitar. Vol.1*. Fenton, MO: Mel Bay Publications.
- Van Eps, G. (1981). *Harmonic Mechanisms for Guitar. Vol.2*. Fenton, MO: Mel Bay Publications.
- Van Eps, G. (1982). *Harmonic Mechanisms for Guitar. Vol.3*. Fenton, MO: Mel Bay Publications.
- Vincent, R. (2009). *Jazz guitar voicings. The drop 2 book*. Sher Music.
- Vincent, R. (2012). *Line Games*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Vincent, R. (2009). *The Drop 2 Book*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Vincent, R. (2014). *Jazz Guitar Soloing: The Cellular Approach*. Petaluma, CA: Sher Music Co.
- Weiskopf, W. (2009). *Intervallic improvisation*. Jamey Aebersold.
- Willmott, B. (1994). *Complete Book of Harmony, Theory & Voicing*. Fenton, MO: Mel Bay Publications.
- Willmott, B. (1996). *Complete Book of Harmonic Extensions for Guitar*. Fenton, MO: Mel Bay Publications.
- Yamaguchi, M. (1999). *The complete thesaurus of musical scales*. Charles Colin.